

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 05 DE ABRIL DO 2023.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO OROSA JOSE Membros que non asisten: BARREIRO REGO ANA ISABEL SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Cinco de Abril do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 30/03/2023.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202303/549

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/03/2023. DECRETO: "Aprobación do Anexo I ó Plan de seguridade e saúde das obras do proxecto denominado "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO EN AVENIDA DA PAZ (PALMEIRA)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202303/551

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31/03/2023. DECRETO: "FINALIZACIÓN DA NEGOCIACIÓN NO CONTRATO "OBRA DE PASO SOBRE RÍO LISTRES PARA CONTINUIDADE DE RÚA EN CASTIÑEIRAS – RIBEIRA""

4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE FEIRA AMBULANTE – MARIANO DOS SANTOS DOS SANTOS

Visto o escrito presentado por **Mariano Dos Santos Dos Santos**, de data 29/03/2023 (Rexistro de entrada nº 7.939), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de feira ambulante (Camas elásticas e tirachinas), os días 6 ao 9 de abril de 2023, situados na Praza de España (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Mariano Dos Santos Dos Santos** para a instalación de dous postos de feira ambulante (Camas elásticas e tirachinas), os días 6 ao 9 de abril de 2023, situados na Praza de España (Ribeira).
- Deberá dispoñer dos correspondentes seguros, así como das preceptivas medidas de seguridade.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE FEIRA AMBULANTE – JUANA TRINCHETE TENDERO

Visto o escrito presentado por **Juana Trinchete Tendo**, de data 29/03/2023 (Rexistro de entrada nº 7.932), no que solicita autorización para a instalación de dous postos de feira ambulante (2 inchables), os días 6 ao 9 de abril de 2023, situados na Praza de España (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Juana Trinchete Tendo** para a instalación de dous postos de feira ambulante (2 inchables), os días 6 ao 9 de abril de 2023, situados na Praza de España (Ribeira).
- Deberá dispoñer dos correspondentes seguros, así como das preceptivas medidas de seguridade.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.



- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – FERNANDO FERNÁNDEZ GÓMEZ

Visto o escrito presentado por **Fernando Fernández Gómez**, de data 31/03/2023 (Registro de entrada nº 8.231), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (amendoas), os días 1 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Fernando Fernández Gómez** para a instalación dun posto de venda ambulante (amendoas), os días 1 ao 9 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – MANUEL PETROVICH ZAPATA

Visto o escrito presentado por **Manuel Petrovich Zapata**, de data 03/04/2023 (Registro de entrada nº 8.369), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3 m. x 1 m.) de venda ambulante (mojitos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Manuel Petrovich Zapata** para a instalación dun posto (3 m. x 1 m.) de venda ambulante (mojitos), o día 5 de abril de 2023, situado na Avenida do Malecón (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.03.2023:

4343	17.02.2023	SOCIEDAD COOPERATIVA DEL MAR SANTA EUGENIA, desmontar tramo aéreo del conducto del hielo, en Puerto, Ribeira.
4246	16.02.2023	ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L. (C.P. URB. FOXO BELLO), pintura de fachadas, rúa Alcalde Fernández Bermúdez, 94, Ribeira.
4192	16.02.2023	ANDRÉS GÓMEZ REIRÍZ, cierre de parcela en Airós, Ribeira.
4174	16.02.2023	ANGELES ALBA MILLET, adecentamiento lateral de la vivienda y colocación de piedra, en rúa Vionta, 42, Aguiño.
3978	14.02.2023	EVA MONTSERRAT GUTIÉRREZ COBOS, reforma interior, rúa Santa Uxía, 6-2º, Ribeira.

9.- LICENZA MUNICIPAL PARA AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA CONSTRUCCIÓN PARA GARAXE. LOCALIZACIÓN: LUGAR DE TEIRA, CORRUBEDO (RIBEIRA). PROMOTOR: MARCIAL CAAMAÑO MÁRQUEZ - ESTHER GÓMEZ HERRERO.

VISTA a **solicitud** de licenza de obra maior para **AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA CONSTRUCCIÓN PARA GARAXE, NO LUGAR DE TEIRA, CORRUBEDO (RIBEIRA)** da que son promotores **MARCIAL CAAMAÑO MÁRQUEZ-ESTHER GÓMEZ HERRERO**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** emitido polo **arquitecto municipal** o día **2 de xaneiro de 2023**, o **informe** técnico en relación á valoración do orzamento da edificación obxecto do expediente emitido pola **enxeñeira municipal** o día **15 de marzo de 2023**, o **informe do técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de Urbanismo de data **17 de marzo de 2023** e o **informe** emitido polo **secretario xeral da Corporación** de data **20 de marzo de 2023**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza urbanística (Nº 16/23) a **D.Marcial Caamaño Márquez e Dña. Esther Gómez Herrero**, para **AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE PARA CONSTRUCCIÓN DE GARAXE**, no lugar de Teira, Corrubedo, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A051000490000KX, nos termos do Proxecto Básico de outubro de 2022 redactado polo Sr. Juan Antonio Millán Figueirido (arquitecto col. 3.183):

*-Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.*

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co **preceptivo visado colexial**.*



SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*



CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

10.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- DE EDIFICIO DE VIVENDAS. LUGAR: - RÚA MARIÑO DE RIVERA, RÚA BARBANZA, RIBEIRA. PROMOTOR: CONSTRUCCIONES SIEIRA, S.L.

VISTO o escrito presentado pola entidade **CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.** rexistrado de entrada o 22 de marzo de 2019, (Rexistro nº 4.004), mediante o que se presenta **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data **21 de marzo de 2019** redactado por D. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).



VISTO o informe emitido con data 31 de outubro de 2022 pola enxeñeira municipal tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación así como en relación á valoración do orzamento da edificación.

VISTO o informe emitido polo Técnico de Administración Xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo con data 3 de marzo de 2023,

VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data 16 de marzo de 2023, así como o resto da documentación obrante no expediente

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada á **licenza nº 43/18**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 11 de outubro de 2018 á entidade **CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014, S.L.**, consistente en **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21 de marzo de 2019 redactado por D. Manuel J. Domínguez Rodríguez, (arquitecto col. nº 4.916).

SEGUNDO.- A obra **iniciarase** no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

TERCEIRO.-NOTIFICAR o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

11.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. FERNANDO GONZÁLEZ CONCEIRO ÁLVAREZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE HELVETIA SEGUROS, POLOS DANOS OCASIONADOS NUN INMOBLE SITO NA RÚA DE LUGO. EXPEDIENTE 2022 RESP000018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. FERNANDO GONZÁLEZ CONCEIRO ÁLVAREZ, en nome e representación de HELVETIA SEGUROS** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 20 de abril de 2021 producíronse filtracións de auga da choiva no trasteiro sito no andar -3, anexo á vivenda 3º C da Avenida de Lugo 1-B. A consecuencia das referidas filtracións de auga, ocasionáronse danos na pintura do teito e paredes do trasteiro, así como danos nos obxectos que se atopaban gardados no citado inmovible.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 26/07/2022 co número 14.158, a entidade ADDING CONSULTORES, en nome e representación de HELVETIA SEGUROS, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos sufridos polas mencionadas filtracións de auga que ascenden á contía total de



450,52 euros, e que o reclamante vincula ás obras de acondicionamento que realizaba o Concello na Avenida de Lugo e que afectaban ó pavimento e ás conducións subterráneas.

Terceiro.- Posteriormente, mediante escrito rexistrado de entrada na data 19/10/2022 co número 202200020156, D. Fernando González Concheiro Álvarez en nome e representación de HELVETIA SEGUROS, presenta novamente escrito de reclamación polos feitos indicados e pola contía tamén referida, achegando co seu escrito a seguinte documentación:

- Escritura de poder xeral para pleitos, autorizada na data 21/06/2007, polo Notario de Sevilla, D. Eduardo Villamor Urban, co número 2.318 de protocolo.
- Póliza de seguro do inmovible afectado.
- Informe pericial dos danos acaecidos realizado por “Mendezsua Peritaciones S.L.”
- Xustificante do abono da indemnización da entidade aseguradora HELVETIA SEGUROS ó titular do inmovible afectado, D. Lorenzo Coya Zapata.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 07/02/2023; informe emitido pola entidade “Xestión Ambiental de Contratas S.L.”, rexistrado de entrada na data 30/01/2023 co número 202300002579; e informe emitido na data 02/03/2023 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, presentándose escrito de alegacións pola parte reclamante, rexistrado de entrada na data 21/03/2023 co número 202300007252, e no que reiteran a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 17/06/2019.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.



De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Así mesmo, **a entidade HELVETIA SEGUROS ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación** ao ter asumido o custo de reparación dos danos do inmovible afectado, como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón: *"El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización"*

Esta última, actúa representada por D. Fernando González Concheiro Álvarez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de poder xeral para pleitos, autorizada na data 21/06/2007, polo Notario de Sevilla, D. Eduardo Villamor Urban, co número 2.318 de protocolo.



A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da Avenida de Lugo, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “*infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “*pavimentación de vías públicas urbanas*”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no trasteiro anexo á vivenda 3C da Avenida de Lugo 1-B. Así se deduce do informe pericial que achega o reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto o reclamante conecta os seus danos coa realización das obras de acondicionamento que realizaba o concello na citada vía, e que afectaban ó pavimento e ás conducións subterráneas, o que provocou que a auga acabase filtrando ó soto que está nunha cota inferior, causando danos no mesmo e no seu contido.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Ribeira emite informe na data 07/02/2023 no que dispón que **NON consta na súa base de datos o citado sinistro o día dos feitos**, polo que non coñecen a súa causa nin os danos ocasionados, e que **a única intervención policial que consta** na súa base de datos no soto do edificio sito na Avenida de Lugo nº 1-B **é de data 06/08/2021**, do cal achegan parte de servizo nº 973 no que se fai constar o seguinte: *“Personados en la Rúa de Lugo a la altura del número 1B, nos entrevistamos con el operario de Viaqua, el cual nos comunica que en el interior del garaje, del mencionado edificio, tienen filtraciones de agua las procedentes de aguas pluviales. Que al limpiar la arqueta de pluviales próxima al garaje, se observa como la acometida de gas natural pasa por dicha arqueta sin encontrarse sellada, por lo que las filtraciones son debidas a las obras de acometida de gas natural al edificio número 1B de la Rúa de Lugo.”*
- A entidade XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. en calidade de entidade adxudicataria da obra “*Pavimentación dun tramo de Rúa Rosalía de Castro e Rúa Lugo. Humanización Rúa Colombia, Fase I*”, promovida polo Concello de Ribeira, no seu informe remitido na data 31/01/2023, dispón o seguinte: *“La obra se inició el 28 de mayo de 2019 y se finalizó el 18 de diciembre de 2019. Las obras consistieron en la sustitución del pavimento existente de asfalto y hormigón por granito y hormigón coloreado, sin contemplarse sustitución de instalaciones ni instalación de nuevas canalizaciones, por lo que no se realizaron zanjas, únicamente se actuó sobre el pavimento superficial. Durante la ejecución de la obra no se tuvo notificación ni conocimiento de ningún tipo de daño en inmuebles de dicha calle, no tenemos constancia de ninguna queja ni reclamación por la ejecución de la obra. Los daños reclamados no pueden achacarse a la obra en cuestión ya que se terminó con anterioridad al 20/04/2021 en que se*



*produjeron los daños. Entendemos que debe tratarse de una confusión ya que **durante las fechas de la reclamación la calzada se encontraba íntegramente pavimentada, finalizada y recepcionada.** Adjuntamos la última certificación firmada por la constructora y la responsable municipal del 18 de diciembre de 2019, así como fotos delante del nº 1 de la Avd de Lugo, tomadas el día 5 de septiembre de 2019. Se aprecia la calzada ya hormigonada, pendiente de la palntación en los alcorques vallados, esta partida no estaba incluida en el proyecto y la realizó directamente el Concello.”*

- No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira non se tivo constancia do sucedido, dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte: “(...) Tal y como consta referido en el informe emitido por la empresa “Xestión Ambiental de Contratas S.L.”, registrado de entrada en fecha 31/01/2023 con el número 202300002579, en la mencionada Rúa de Lugo se procedió a la realización de la obra denominada “Pavimentación de un tramo de Rúa Rosalía de Castro y Rúa Lugo. Humanización Calle Colombia, Fase I”, promovida por este Concello. La mencionada obra consistió en la sustitución del pavimento existente de asfalto y hormigón por granito y hormigón coloreado, sin contemplarse sustitución de instalaciones ni instalación de nuevas canalizaciones, **por lo que no se realizaron zanjas nin ninguna otra actuación que pudiese provocar filtraciones de agua en el inmueble objeto de la reclamación**, únicamente se actuó sobre el pavimento superficial. Las fechas de realización de las obras fueron las siguientes: **inicio el 28/05/2029 y finalización el 18/12/2019. Fechas que no coinciden con la fecha del suceso por el que se reclama: 20/04/2021. Tras el remate de la citada obra en diciembre de 2019, no se ha procedido por parte del Ayuntamiento a la realización de ninguna obra en la Rúa de Lugo. Lo único que se ha realizado fue la plantación de árboles en los alcorques correspondientes.”**

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade entre os danos polos que se reclama e as obras realizadas polo Concello de Ribeira na Avenida de Lugo.** A Policía local non ten constancia do sucedido na data 20/04/2021, presentado un parte de servizo por unha actuación no inmovible de referencia na data 06/08/2021 e apuntando a que a causa das filtracións ocorridas o 6 de agosto de 2021 fosen debidas ás obras acometidas de gas natural, que no son obras de carácter municipal. Por outra banda, o informe da enxeñeira municipal e o informe da entidade Xestión Ambiental de Contratas S.L., son conteste en afirmar a imposibilidade de que os danos fosen debidos ás obras realizadas polo Concello na Avda de Lugo, ó non coincidir as datas de execución das obras municipais coa data na que se produciron as filtracións de auga, nin ter as obras entidade suficiente como para afectar as canalizacións existentes.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/04/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Fernando González Concheiro Álvarez, en nome e representación de HELVETIA SEGUROS polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.



12.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL NA CELEBRACIÓN DA PASCUA EN CORRUBEDO – Abdón Santos Santos

Visto o escrito presentado por **Abdón Santos Santos**, de data 30/03/2023 (Registro de entrada nº 8.111), no que solicita a colaboración municipal (valadoiros e sinais de tráfico) para a celebración da Pascua o vindeiro 06/04/2023, a partir das 16:30 h. na explanada portuaria de Corrubedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da Pascua o vindeiro 06/04/2023, a partir das 16:30 h. en Corrubedo
- Prestar a colaboración municipal con valadoiros e sinais de tráfico
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

13.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez

VISTO o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Aloha”, de data 16/03/2023 (Registro de entrada nº 6.805), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 8 de abril de 2023, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instruccións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Aloha” (Ribeira), o día 8 de abril de 2023, nas condicións establecidas pola “Instruccións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.



5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Bar Aloha" (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía



Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

14.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN "XORNADA DE ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS MUSICAIS" EN CORRUBEDO - Comisión de Festas de Corrubedo

Visto o informe favorable da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 31/03/2023, relativo á solicitude presentada por Abdón Santos Santos, data de entrada no rexistro 22/03/2023 núm. 2023 7365, en nome da *Asociación Comisión de Festas de Corrubedo*, interesando celebrar unha **"Xornada de actividades e actuacións musicais"** na parroquia de Corrubedo-Ribeira o 06 de abril de 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración da "Xornada de actividades e actuacións musicais" na parroquia de Corrubedo ó día 06 de abril de 2023.**
- Que de conformidade coa normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Lei 10/2017 de 17 de decembro, procede requirir ao interesado ***Declaración de Responsabilidade***. Achégase modelo desta declaración para que unha vez cuberta e asinada sexa presentada neste concello antes da data de celebración da programación obxecto deste informe.
- Que se tramite solicitude de ocupación de zona portuaria.
- Que dende a área municipal de cultura se porá a disposición dos organizadores os recursos que se estimen convintes na execución desta xornada.



- e) Que se traslade ás áreas municipais de Medio Ambiente (limpeza), Seguridade e mobilidade cidadá.

15.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN "FESTA DA XUVENTUDE" EN PALMEIRA - Comisión de Festas de Palmeira

Visto o escrito presentado por Tania Santos Ferras en representación da Comisión de Festas de Palmeira, de data 31/03/2023 (Rexistro de entrada 8.169), no que solicita autorización para a celebración da Festa da Xuventude o día 19/05/2023, desde as 22:00 h., que se realizará, nun principio, no campo de fútbol de abaixo da Sociedade Fillos de Palmeira; asemade solicita un punto de luz, contedores de lixo, 4 Wc portátiles, servizo de limpeza para o día seguinte e a instalación dunha carpa se as condicións meteorolóxicas fosen desfavorables.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración da Festa da Xuventude o día 19/05/2023, desde as 22:00 h., que se realizará, nun principio, no campo de fútbol de abaixo da Sociedade Fillos de Palmeira.
- Prestar a colaboración municipal no relativo á instalación dun punto de luz, contedores de lixo, 4 Wc portátiles, servizo de limpeza para o día seguinte e a instalación dunha carpa se as condicións meteorolóxicas fosen desfavorables.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e ao Departamento de Cultura e Festexos para o seu coñecemento

16.- AMPLIACIÓN DE PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS. ACTIVIDADES CULTURAIS 2022.

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Naría José Sampedro Fernández, de data 03/04/2023, relativa á ampliación de prazo de xustificación de subvencións –Actividades Culturais 2022, e na que expón:

“María José Sampedro Fernández, Concelleira delegada de Cultura do Concello de Ribeira e en calidade de Presidenta da Comisión Avaliadora de subvencións – línea de actividades culturais 2022.

EXPOÑO

Recíbese solicitudes presentadas por Francisco Javier Gómez González, de data 23/03/2023 e núm. 2023 7405 en calidade de representante da Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade e Jesús Manuel Paz Ayaso da Asociación Cultural Desembarco en Areoso , de data 31/03/2023 e núm. 2023 8234, interesados na ampliación do prazo máximo de xustificación de subvencións culturais 2022.

De conformidade coa Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº 100 de data 29/05/2018) e extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de outubro de 2022 pola que se convocan as subvencións para entidades sen ánimo de lucro. Liña actividades culturais 2022 (BOP nº 197 de data 18/10/2022):

BOP Nº 100, 29/05/2018.



6.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Xustificación. O prazo de xustificación finalizará na data que se fixe en cada convocatoria específica, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois da data fixada en cada convocatoria, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable fixado por cada convocatoria.

BOP Nº 197, 18/10/2022

9.- XUSTIFICACIÓN.

Xustificación.

O prazo de xustificación será dun mes dende a data de notificación da concesión da subvención, agás que se solicítase e concedese unha prórroga, a instancia de parte en todo caso. A falta de resolución expresa antes do remate do prazo de xustificación implicará a desestimación da solicitude de prórroga.

A prórroga que se conceda será única, e en ningún caso se admitirán xustificacións presentadas despois do 29 de abril de 2023, debendo sempre referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local, sesión ordinaria celebrada en data 09 de febreiro de 2023, que aproba as "Achegas para a Promoción de Proxectos desenvolvidos na línea de Actividades Culturais. Exercicio 2022", entre outros, son beneficiarios dunha achega as entidades e contía seguintes:

- Expte.2022 SUBV000029

ASOCIACIÓN BARBANCESA DE AXUDA E SOLIDARIEDADE

Programa Ocio Inclusivo

Presuposto de Gasto 4.000,00€ Puntos 57,50 C.F. 50,00% I.Subvención 986,13€

I.Xustificar 1.972,26€

- Expte.2022 SUBV000038

ASOCIACION CULT.E MARIÑEIRA DESEMBARCO EN AREOSO

Proxecto de coñecemento sobre o patrimonio marítimo galego.

Presuposto de Gasto 3.600,00€ Puntos 52,50 C.F. 50,00% I.Subvención 900,38€

I.Xustificar 1.800,76€

Consta no expediente que a data de recepción da notificación deste acordo é para a A.Barbancesa de Axuda e Solidariedade ó 14/02/2023 e para a A.C.M. Desembarco en Areoso ó 20/02/2023.

Por todo isto, SOLICITO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acordo para conceder a ampliación do prazo de xustificación, sen que se admitan xustificacións presentadas despois do 29 de abril de 2023, debendo referirse a gastos efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022, as entidades obxecto deste informe:

- Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade
- Asociación Cultural e Mariñeira Desembarco en Areoso."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar a concesión de ampliación do prazo de xustificación, sen que se admitan xustificacións presentadas despois do 29 de abril de 2023, debendo referirse a gastos



efectivamente realizados no período subvencionable, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022, as entidades obxecto deste informe:

- *Asociación Barbancesa de Axuda e Solidariedade*
- *Asociación Cultural e Mariñeira Desembarco en Areoso.*

17.- SOLICITUDE INFORME UTILIDADE ADXUDICACIÓN BENS A FAVOR DO CONCELLO DE RIBEIRA - Deputación da Coruña

Visto o escrito presentado polo Servizo de Recadación Executiva – Deputación da Coruña, de data 16/02/2023 (Rexistrado de entrada en data 20/02/2023 co nº 4.387), no que solicita informe sobre a previsible utilidade da adxudicación de bens a favor do Concello de Ribeira. Asunto: Enaxenación de bens. Expediente Executiva nº: 2017EXP35029247.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Informar** favorablemente a utilidade da adxudicación dos bens referidos no expediente executiva nº 2017EXP3502924 a favor do Concello de Ribeira: 9 prazas de garaxe e 7 trasteiros en edificio sito na Rúa Xohana Torres, 12 Esc 1, soto -2 (inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia, Finca 24854, Libro 292, Tomo 1108, Folio 131,).
- Dar traslado** deste acordo ao Servizo de Recadación Executiva – Deputación da Coruña

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

